

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 4 de xullo de 2016 pola que se amplía o prazo máximo de execución dos proxectos do primeiro período establecido na Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 248, do 30 de decembro de 2015, publicouse a Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

No número quinto do resolvo establécese que o prazo de execución dos proxectos iniciárase o 4 de xaneiro de 2016 (polo que a solicitude de axuda poderá incluír accións que se leven a cabo a partir desta data) e rematará na data establecida na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder do 30 de xuño de 2017 (data última admisible de facturación e pagamento).

Para aqueles proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 29 de xullo de 2016, o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máximo o 12 de agosto de 2016. Para aqueles proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 30 de xuño de 2017, o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máximo o 11 de xullo de 2017.

Tendo en conta que por motivos operativos non foi posible a notificación da resolución de concesión no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo establecido no resolvo quinto destas bases, o 31 de maio de 2016, producíndose esta o 17 de xuño de 2016, e que dado que as bases reguladoras establecen no seu artigo 12 que as solicitudes de modificación da resolución se deberán presentar con anterioridade mínima de tres meses ao vencemento do prazo de execución do proxecto, aqueles solicitantes que só teñen actuacións no



primeiro período non teñen prazo dispoñible para presentar a solicitude de modificación de resolución xa que o seu período de execución vence o 29 de xullo de 2016.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dado que non se causan prexuízos a terceiros,

RESOLVO:

Artigo primeiro. Ampliar o prazo de execución máximo do primeiro período ata o 14 de outubro de 2016 inclusive, e o prazo para presentar a solicitude de cobramento do primeiro período ata como máximo o 21 de outubro de 2016, previstos no número quinto do resolvo da Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Artigo segundo. Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, do 4 de xullo de 2016

Javier Aguilera Navarro
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

